

ESTE VERÁN, ANTES DE VIAJAR
DOA SANGUE

BRIÓN

Mércores, 3 de setembro

UNIDADE MÓBIL
DIANTE DO COLEXIO

15:30 a 21:00 horas


Se tes máis de 18 anos e pesas máis
de 50 kg só precisas 10 minutos para
salvar a vida de moitas persoas

LEMBRA

- Boa hidratación antes de acudir a doar sangue (auga ou refrescos).
- Non acudas sen almorzar e despois de xantar ao mediodía espera 2 horas.
- Non esquezas traer o DNI, ou calquera outro documento que te identifique.
- Non fagas unha comida copiosa antes de doar.



Cada día **10 unidades**
móbiles percorren
Galicia para facilitar
este acto solidario.
Tamén pode acudir aos
locais de doazón das
sete grandes cidades.




Un médico realiza
unha revisión do
estado de saúde
e mide o pulso,
a tensión e o nivel
de hemoglobina
para desbotar
unha anemia.



Os homes poden doar
un máximo de 4 veces
e as mulleres 3 veces
ao ano, deixando pasar
entre cada doazón
polo menos 2 meses.

Emprégase **material**
estéril e dun só uso.
O volume de **líquido**
doado recupérase
case de inmediato.





En Galicia precisamos **máis de 400**
doazóns de sangue
cada día.



Cada día, os hospitais
atenden unha media de
2.800 urxencias, **800**
intervencións cirúrxicas,
1 transplante de órganos
1.600 atencións nos
hospitais de día e moitos
doentes de cancro e
leucemia que precisan
compoñentes do sangue.



De cada doazón
de sangue obtéñense
3 compoñentes
que se utilizan
no tratamento
de diferentes
enfermidades.



O sangue doado pasa multitude de
análisis e controis de calidade.
Notificarase ao doante o achado de
calquera anomalía analítica.